


SENDEIRO AZUL DO RÍO VERDUGO



SENDERO AZUL DEL RÍO VERDUGO



SINALIZACIÓN NO SENDEIRO ● INICIO - FIN X Dirección equivocada ▶ Cambio brusco de dirección ↗ Cambio de dirección ◀ Continuidade ◌ Cambio de sinalización + Punto de acceso de ambulancias

SERVIZOS NA VILA DE PONTE CALDELAS
SERVICIOS EN LA VILLA DE PONTE CALDELAS

- Gasoleneira
- Área de caravanas
- Bancos
- Tendas variadas
- Prazas hotel
- Restaurantes
- Servizo autobuses
- Información turística
- Centro médico

SERVIZOS DA PRAIA FLUVIAL BANDEIRA AZUL
SERVICIOS EN LA PLAYA FLUVIAL BANDERA AZUL

- Baños adaptados
- Praia libre de fume
- Cafeteria
- Asadoiros
- Bancos reposo
- Auga potable
- Baño vixiado

Concello de Pontecaldelas: 986 750 000
 Policía local: 986 750 001/13
 Garda Civil: 986 750 117
 Emerxencias 112



GOBIERNO DE ESPAÑA
 MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



1 Balneario (inicio do sendeiro) / Balneario (inicio del sendero)

O sendeiro comeza cun tramo urbano accesible para persoas con dificultades de mobilidade ou visuais que nos permite gozar dun agradable paseo pola marxe do río Verdugo, ata chegar á praia fluvial onde poderemos tomar un refrescante baño.

El sendero comienza con un tramo urbano accesible para personas con dificultades de movilidad y/o visuales que nos permite disfrutar de un agradable paseo por el margen del río Verdugo, hasta llegar a la playa fluvial donde podremos darnos un refrescante baño.

3 Desvío da volta do Cornello / Desvío de la vuelta del Cornello

Debido á imposibilidade de continuar o percorrido pola marxe do río, ascenderemos por unha pequena ladeira onde nos atoparemos cunha zona de matogueira típica galega (queirugas, xestas, carqueixas, carpazas, toxos, etc.) e outra de cultivo forestal de eucalipto. / Debido a la imposibilidad de continuar el recorrido por el margen del río, ascendemos por una pequeña ladera donde nos encontramos con una zona de matorral típico gallego (ericas, retamas, carquesias, carpazos, tojos, etc.) y otra de cultivo forestal de eucalipto.

8 Pasos de Porta de Abaixo / Pasos de Porta de Abaixo

Cruzando os "pasos" cara á beira de en fronte atoparemos un bosque en galería formado por carballos, ameneiros, freixos, pradairos etc. que flanquea o curso fluvial. Un bosque semellante ao anterior, pero con árbores máis monumentais, de maior idade e porte. Ao igual que ocorre co anterior, trátase dun treito parcialmente inundable en función das condicións climatolóxicas e da dinámica fluvial.

Cruzando los "pasos" hacia la orilla de enfrente nos encontraremos con un bosque en galería formado por carballos, alisos, fresnos, arces, etc. asociado al curso fluvial, un bosque semejante al anterior pero con árboles más monumentales, de mayor edad y porte. Al igual que ocurre con el precedente, se trata de un tramo inundable en función de las condiciones climatológicas y de la dinámica fluvial.

9 Pasos de Portasouto e da Larpea / Pasos de Portasouto e da Larpea

Este novo paso axudaranos a cruzar o río de novo. Abandonaremos o curso fluvial para chegar a unha serie de corredeiras empedradas que discorren entre fincas poboadas por carballos de diferentes idades ata chegar a unha bifurcación 10. Aquí, poderemos escoller entre continuar polo camiño da dereita pola Ruta das Almiñas ata alcanzar o punto 6 do percorrido, ou desviarnos cara á esquerda pola congostra de Cubeiñas ata o punto 7 do percorrido. Esta última discorre paralela ao regato do mesmo nome, que nos sorprende pola súa rica flora formada por abeleiras, bidueiros, ameneiros, carballos e salgueiros distribuídos segundo o grado de humidade. Unha vez chegados a estes puntos do percorrido (6 ou 7), iniciaremos a volta desfacendo o camiño para regresar ao Balneario. Este novo paso nos ayudará a cruzar o río novamente, donde abandonaremos el curso fluvial para llegar a una serie de caminos empedrados entre fincas pobladas por carballos de diferentes edades hasta llegar a una bifurcación 10. Aquí, podremos elegir entre continuar por el camino de la derecha por la Ruta das Almiñas hasta alcanzar el punto 6 del recorrido, o desviarnos hacia la izquierda por el camino de Cubeiñas hasta el punto 7 del recorrido, un transecto que discurre paralelo al riachuelo del mismo nombre que nos sorprende por su rica flora conformada por avellanos, abedules, alisos, carballos y sauces distribuidos según el grado de humedad. Una vez llegados a estos puntos del recorrido (6 o 7) iniciaremos el retorno deshaciendo el camino para regresar al Balneario.

2 Praia fluvial da Calzada / Playa fluvial da Calzada

Partindo da praia fluvial camiñaremos por un bosque en galería formado por salgueiros, ameneiros, freixos, carballos, loureiros, fentos etc. que flanquea o curso do río Verdugo. / Partiendo de la playa fluvial caminaremos por un bosque en galería formado por sauces, alisos, fresnos, carballos, laurel, helechos, etc. que flanquea el curso del río Verdugo.

4-8 Corredoira da Sorreira / Camino de la Sorreira

Trátase dun camiño tradicional coñecido como "corredoira" que, neste caso, se enmarca entre muros de pedra cubertos de musgo á sombra dunha carballeira acompañada de interesantes fentos. Tras camiñar 300 metros chegaremos a unha bifurcación 5 onde poderemos escoller entre desviarnos cara ao río (onde gozaremos dun tramo con vexetación de ribeira e fincas particulares con cultivos de especies autóctonas como os castiñeiros) ou continuar polo sentido natural do camiño. Ámbalas dúas direccións levarannos ata os Pasos de Porta de Abaixo, unhas grandes pedras (pasos) case somerxidas na canle do río Verdugo que nos axudarán a cruzalo. Trátase dun treito parcialmente inundable en función da climatoloxía e a dinámica fluvial. / Se trata de un camino tradicional conocido como "corredoira", que aquí se enmarca entre muros de piedra cubiertos de musgos a la sombra de una carballeda acompañada de interesantes helechos. Tras caminar 300 metros llegaremos a una bifurcación 5 donde podremos elegir entre desviarnos hacia el río (donde disfrutaremos de un tramo con vegetación de ribera y fincas particulares con cultivos de especies autóctonas como los castaños) o continuar por el sentido natural del camino. Ambas direcciones nos llevarán hasta los Pasos de Porta de Abaixo, unas grandes piedras (pasos) casi sumergidas en el cauce del río Verdugo que nos ayudarán a cruzarlo. Se trata de un tramo parcialmente inundable en función de la climatología y la dinámica fluvial.

RECOMENDACIÓNS NO SENDEIRO

A zona urbana está totalmente adaptada, dende o Balneario ata a Praia Fluvial da calzada 1370m despois recomendamos usar bo calzado pois hai firme desigual. Pode haber barro e charcos.

En épocas de máxima avenida, tómesese a ruta alternativa.

•RESPECTA A NATUREZA • RECOLLE OS TEUS RESTOS

•NON DEIXES MÁIS QUE AS TÚAS PEGADAS NO CHAN

•NON LEVES MÁIS QUE OS BOIS RECORDOS E ALGUNHA FOTO